

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 17 de febreiro de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/096.09.1).

Por Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 16 de febreiro de 2021 aprobouse provisionalmente o Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/096.09.1).

O artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que os catálogos de estradas son os instrumentos públicos que serven para identificar, inventariar, clasificar e, se for o caso, categorizar funcionalmente as estradas das redes de cada Administración titular.

O Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia contén a clasificación técnica das estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia, a súa identificación e denominación, os puntos inicial e final de cada un dos treitos que a constitúen e a súa respectiva lonxitude, así como a súa representación gráfica.

O catálogo categoriza funcionalmente as estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia en rede estruturante, rede complementaria e rede local.

Por todo isto, sométese ao trámite de información pública o Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia (GA/19/096.09.1).

A duración da información pública será de trinta (30) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, período en que o Catálogo poderá ser examinado polas persoas físicas ou xurídicas que o desexen, co obxecto de formularen as correspondentes alegacións ou suxestións que consideren oportunas.

A exposición ao público, para os efectos do presente anuncio, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de A Coruña (Rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña), no



Servizo de Infraestruturas de Lugo (Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo), no Servizo de Infraestruturas de Ourense (Rúa Sáenz Díez, 1, 32071 Ourense), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (Avda. M^a Victoria Moreno, 43, 1^o, 36071 Pontevedra) e nas respectivas casas dos concellos afectados. Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase á disposición dos interesados o documento completo do Catálogo de estradas da Rede autonómica de estradas de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

